

ACORDO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E AS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS E SINDICAIS DO ENSINO PRIVADO CONCERTADO DE GALICIA SOBRE MEDIDAS DE RECOLOCACIÓN DO PROFESORADO AFECTADO POLA MODIFICACIÓN DAS UNIDADES CONCERTADAS

Santiago de Compostela, ... de xuño de 2023

Reunidos:

Dunha parte, **Román Rodríguez González**, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e,

doutra, **as organizacións empresariais e sindicais** asinantes ao final deste documento,

Expoñen:

As diferentes ordes polas que se aproban os concertos educativos cos centros docentes privados, así como as modificacións destes que se realizan ao longo do seu período de vixencia, poden implicar a variación do número de unidades concertadas nalgúns centros para adaptalas á evolución dos datos de matrícula, ou por outras circunstancias.

Por esta razón e malia que a Administración educativa non ten relación laboral ningunha co persoal docente dos centros privados concertados, limitándose a aboar o salario e demais complementos establecidos pola normativa vixente como pagamento delegado e en nome da titularidade do centro, considera oportuno adoptar medidas que faciliten a recolocación noutros centros tamén concertados, do persoal docente que perda o seu posto de traballo como consecuencia da supresión de unidades concertadas no seu centro educativo de traballo.

Logo da negociación levada a cabo no ámbito da Comisión tripartita do ensino privado concertado, previa a autorización do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día..., as partes asinantes acadan o seguinte acordo sobre **RECOLOCACIÓN DO PROFESORADO NO SECTOR DO ENSINO CONCERTADO**, conforme ás seguintes cláusulas:

Primeira. Ámbito de aplicación

O presente acordo é de aplicación ao persoal docente en pago delegado dos centros docentes privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia que, como consecuencia da redución do número de unidades ou da extinción do concerto educativo co seu centro, perda o posto de traballo do que é titular a partir do 31 de agosto de 2023, sempre que a modificación do concerto non sexa imputable á titularidade do centro educativo.

Segunda. *Bolsa de recolocación*

1. O persoal docente ao que se refire a cláusula primeira poderá solicitar a súa inclusión nunha "bolsa de recolocación", sempre que no momento da perda do seu posto de traballo estivese vinculado por un contrato de traballo de duración indefinida e incluído no réxime de pago delegado, cunha antigüidade mínima de 2 anos e cun número de horas lectivas semanais igual ou superior a 12.

Poderán incorporarse á bolsa as persoas cooperativistas.

2. Non se integrará na bolsa o profesorado substituto.

Terceira. *Funcionamento da bolsa*

1. A titularidade do centro educativo ao que se lle modifique ou extinga o concerto deberá remitir á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos os datos persoais, laborais e académicos do persoal docente afectado entre os días 1 e 15 de setembro de 2023, xunto coa solicitude de aceptación da inclusión na bolsa asinada pola persoa traballadora, acompañada dunha autorización para o tratamento dos datos de carácter persoal.

2. A remisión da información especificada no número 1, farase a través da aplicación informática de xestión *centrosprivados*, mediante a cal poderán acceder todas as persoas responsables dos centros docentes privados concertados a consultar a relación do persoal incluído na bolsa.

Cuarta. *Asignación de horas adicionais aos centros*

1. Na cobertura de vacantes do persoal docente nos centros concertados será un criterio preferencial, non obrigatorio, que a persoa candidata estea incluída na *bolsa de recolocación* regulada na cláusula segunda deste acordo. Por esta razón, a persoa representante legal dos centros deberá acreditar para a cobertura das vacantes nas etapas concertadas ter solicitado mediante a aplicación *centrosprivados* a relación actualizada das persoas incluídas na bolsa.

Na cobertura de vacantes nas etapas concertadas dos centros que percibiran da Administración a compensación polo aboamento da indemnización legal regulada na cláusula sexta deste acordo, o docente será contratado obrigatoriamente de entre a relación de profesorado afectado incorporado á bolsa, salvo que dita contratación non sexa posible por non estar incluída na bolsa ningunha persoa que reúna os requisitos de titulación esixidos para o posto.

2. Cando a titularidade dun centro docente privado concertado contrate con carácter indefinido a persoal docente procedente da bolsa, deberá comunicalo á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para que tramite o expediente. A Dirección Xeral, a través da correspondente xefatura territorial, logo das comprobacións oportunas, incluírá no réxime de pago delegado do centro as seguintes horas adicionais:

1.1. Cinco (5) horas no mesmo nivel educativo por cada profesor/a contratado/a 25 horas lectivas semanais.

1.2. Tres (3) horas no mesmo nivel educativo por cada profesor/a contratado/a máis de 12 e menos de 25 horas lectivas semanais.

3. O profesorado recolocado que tivera habilitación para impartir no centro de orixe manterá esta no centro de destino.

4. As horas adicionais manteranse durante a vixencia deste acordo, agás que se produza a extinción da relación laboral do persoal procedente da bolsa de recolocación en cuxo caso se procederá á súa redución.

Quinta. *Baixa na bolsa*

1. Serán causas de baixa na bolsa de recolocación as seguintes:

- a) Petición da persoa traballadora que solicitou a incorporación
- b) Xubilación da persoa traballadora
- c) Ser contratado en semellantes condicións laborais ás que tivese no momento de extinción do seu contrato de traballo no centro educativo de procedencia

2. O persoal docente ou o centro afectado deberá comunicalo á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Sexta. *Compensación polo aboamento das indemnizacións legais*

1. A administración educativa abonará á titularidade do centro docente ao que se lle reducen unidades concertadas e se extingue a relación laboral do profesorado, a cantidade que abone a este en concepto de indemnizacións legais ata un máximo de seis mil euros (6.000,00 €) por unidade suprimida.

2. A titularidade remitirá á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos a documentación que xustifique o aboamento da indemnización legal que corresponda facer efectiva á persoa traballadora.

Sétima. *Seguimento do acordo*

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as organizacións empresariais e sindicais do ensino privado concertado que asinan este acordo efectuarán o seu seguimento a través dunha *Comisión de Seguimento do Acordo* integrada por representantes de todas as organizacións asinantes.

Oitava. *Período de vixencia*

Este acordo terá efectos a partir do 1 de setembro de 2023 estendendo a súa vixencia durante o novo período de concertos que rematará o 31 de agosto de 2029.

Non obstante, calquera das partes asinantes poderá formular denuncia expresa cunha antelación de 2 meses ao inicio do correspondente curso escolar.

Disposición adicional única. *Eficacia do acordo*

Non obstante o recollido na cláusula oitava, a eficacia deste acordo queda supeditada á tramitación legalmente necesaria e, en concreto, á autorización do Consello da Xunta de Galicia, e á aprobación e vixencia das partidas orzamentarias que habiliten a súa efectividade.

Así mesmo, con carácter anual, logo de realizada a modificación concerto educativo, actualizarase o custo das indemnizacións segundo as unidades suprimidas e as horas adicionais para o correspondente curso, e informando á *Comisión de Seguimento do Acordo* prevista na cláusula sétima.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Polas organización sindicais:

Polas organizacións empresariais: